



**sindicato  
labrego galego**  
comisións labregas

membro de:



Gabinete de Prensa - R/ Ofelia Nieto 13-23, baixo. 15705 . Santiago de Compostela  
981 554 147 / 649 541 773 prensa@sindicatolabrego.com www.sindicatolabrego.com

**Comunicado de  
prensa do SLG**

**30-07-2015**

## **O SLG estudará esta semana as medidas legais a emprender contra Logística Alimentaria por incumprir contratos**

O Sindicato Labrego Galego da comarca de Ordes vén de convocar unha asemblea das granxas afectadas polos incumprimentos de Logística Alimentaria nos contratos, incumprimentos que aínda están a facer máis miserables as condicións de compravenda de leite que tiña pactadas este primeiro comprador coas explotacións que lle venden. A xuntanza será no local do SLG en Ordes, na rúa Alfonso Senra 117, ás 16:00 horas do venres, 31 de xullo.

En efecto, Logística Alimentaria fixo asinar contratos ás granxas que lle fornecen de leite baixo unhas condicións leoninas: 26 céntimos por litro para o 80% da produción, e o 20% restante a un prezo variable segundo a cotización do leite en po. A pesares destes prezos ruinosos que non dan nin para cubrir os custes de produción, a empresa incumpriu flagrantemente as condicións asinadas e pagou o leite de maio e xuño cun prezo base de 21 céntimos para o 80% da produción, e de 18 céntimos para o 20% restante (achégase contrato xunto con este comunicado).

Na asemblea deste venres, o SLG acordará cos gandeiros e coas gandeiras afectadas as medidas legais a emprender, entre as que se baralla denunciar a Logística Alimentaria diante da Interprofesional Láctea (Inlac), que é o mediador acordado nos contratos; ou mesmo diante da Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA).

Saúdos do gabinete de comunicación do Sindicato Labrego Galego

Se desexan máis información, poden falar coa coordinadora do SLG na comarca de Ordes, María

Vieites Calvo, no 649 886 267